

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E A ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO GALICIA SUROESTE EURURAL PARA A EXECUCIÓN DE ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN DO TURISMO NO XEODESTINO RÍA DE VIGO-BAIXO MIÑO

O xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou coa Asociación de Desenvolvemento Galicia Suroeste Eurural o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día seguinte da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2022.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e a Asociación de Desenvolvemento Galicia Suroeste Eurural para a execución das seguintes actuacións:

ACTUACIÓN
Workshops con empresas turísticas e co sector primario
Presentación de destino
Creación de audiovisuais para poñer en valor as empresas turísticas do xeodestino
Creación de material audiovisual para presentación en FITUR 2023

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:



Primeiro.- Que o artigo 148.1.18 da Constitución establece como competencias da Administración Xeral do Estado que poderán asumir as Comunidades Autónomas, a relativa á promoción e ordenación do turismo no seu ámbito territorial.

Que a Comunidade Autónoma de Galicia ten competencias, con carácter exclusivo, tal e como se desprende do contido do seu Estatuto de Autonomía, en materia de promoción e ordenación do turismo dentro da Comunidade (artigo 27.21).

Que a Axencia Turismo de Galicia, segundo o Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos, ten como obxectivo, impulsar, coordinar e xestionar a política autonómica en materia de turismo e, en especial, a promoción e a ordenación do turismo dentro da comunidade.

Para lograr esta finalidade a Axencia Turismo de Galicia, acomete no ámbito das súas competencias, un decidido apoio á promoción e fomento do sector turístico de Galicia a través daquelas accións que lle permiten acadar os seus obxectivos.

Segundo.- A Asociación de Desenvolvemento Galicia Suroeste Eurural agrupa aos concellos de A Guarda, Baiona, Fornelos de Montes, Gondomar, Mos, Nigrán, Oia, O Porriño, O Rosal, Pazos de Borbén, Redondela, Tomiño e Tui que representan á maior parte dos concellos incluídos no xeodestino nº 13-D Ría de Vigo e Baixo Miño.

No artigo 4 dos estatutos da asociación se establece como ámbito de actuación o territorio dos concellos anteriormente citados. Porén, para a execución dalgún programa específico que execute dita asociación poderanse establecer delimitacións territoriais diferentes. Do mesmo xeito, se a Asemblea Xeral así o decide, poderá modificar o ámbito territorial de actuación a outros concellos.

En consecuencia, a maiores deste concellos se inclúe neste xeodestino o concello de Soutomaior. Con data 17 de outubro de 2018, os concellos pertencentes a asociación e o concello de Soutomaior asinaron un convenio de colaboración coa Asociación de Desenvolvemento Galicia Suroeste Eurural para a xestión compartida do xeodestino da Ría de Vigo e Baixo Miño, a través do cal se amplía o ámbito de actuación da asociación tamén ao concello de Soutomaior, completando así a delimitación xeográfica que fai Turismo de Galicia para o xeodestino nº 13 Ría de Vigo – Baixo Miño que abrangue na súa totalidade a 14 concellos.



No artigo 5.23 dos seus estatutos recóllese entre os fins da asociación “fomentar o turismo como sector de actividade sostible nas áreas rurais como medio para aproveitar os recursos dos territorios locais”.

Terceiro.- Que co obxecto de promover o turismo no xeodestino Ría de Vigo-Baixo Miño, as partes consideran esencial colaborar na execución deste convenio xa que se trata dunha acción de interese común, cofinanciada por ambas partes e con beneficios conxuntos. Todo isto englobase ademais, no eido competencial da Axencia Turismo de Galicia.

Cuarto.- Que a Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia ten entre as súas finalidades potenciar a oferta turística galega, a través de medidas de fomento que permitan modernizar e profesionalizar o sector turístico e as súas infraestruturas, e mellorar a calidade e a competitividade da oferta turística. Con esta finalidade regúlanse na devandita lei os xeodestinos.

A lei define, no seu artigo 23, como xeodestinos turísticos as áreas ou espazos xeográficos limítrofes que comparten unha homoxeneidade territorial baseada nos seus recursos turísticos naturais, patrimoniais e culturais, con capacidade para xerar fluxos turísticos e que, xunto á súa poboación, conforman unha identidade turística diferenciada e singular. Os xeodestinos terán un especial protagonismo nas accións de promoción turística da Administración autonómica. Poderán ser utilizados, tras a súa creación, tanto por entidades públicas como privadas, sempre dentro da marca turística global «Galicia» e sen que poidan empregarse como nome comercial, rótulo de establecementos ou vehículos e marcas de bens e servizos.

No Plan Estratéxico do Turismo 2020, de acordo co obxectivo estratéxico 5.5. Xeodestinos. Impulso a ordenación territorial turística de Galicia, na liña estratéxica 5. Cooperación na cadea de valor do turismo, a Axencia Turismo de Galicia desenvolve accións de apoio a aqueles xeodestinos que contan con organización para levar a cabo actuacións de promoción dos mesmos.



A través deste convenio, outórgase á Asociación de Desenvolvemento Galicia Suroeste Eurural unha subvención directa en virtude do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, polas razóns de interese público, social, económico e humanitario expostas nos puntos anteriores que dificulta a súa convocatoria pública, de conformidade co previsto no artigo 26.2.a) da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

O xerente de Turismo de Galicia

Antonio Casas Calviño

